

LIGA GALEGA ALEVÍN

Tempada 2024/25. Circular 24-12

1. Organización, datas e sedes

1. A liga Galega da categoría Alevín celebrarase en seis xornadas, catro de carácter local e dúas de carácter zonal. Os grupos estableceranse segundo criterios xeográficos e de participación.
2. Cada xornada realizarase nunha soa sesión, podendo celebrarse o sábado ou o domingo en horario de mañá ou tarde. A competición celebrarase entre as 15:30 e as 21:00 se é pola tarde e entre as 9:30 e as 14:30 se é pola mañá, sendo os horarios preferentes as 16:00 horas se é pola tarde e ás 10:00 horas se é pola mañá.
3. Polo menos 1 hora antes do comezo de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para o quecemento.
4. As datas serán as que figuren no calendario de natación.
5. As sedes serán designadas pola xunta directiva da FEGAN seguindo as solicitudes dos clubs de cada grupo. Durante o mes de outubro abrirase un prazo de solicitude para as xornadas de carácter zonal.

2. Programa de probas

1ª Xornada	2ª Xornada	3ª Xornada
1. 50 m Libre Masculino 2. 50 m Libre Feminino 3. 100 m Braza Masculino 4. 100 m Braza Feminino 5. 400 m Estilos Masculino 6. 400 m Estilos Feminino 7. 400 m Libre Masculino 8. 400 m Libre Feminino 9. 200 m Costas masculino 10. 200 m Costas Feminino 11. 50 m Bolboreta Masculino 12. 50 m Bolboreta Feminino Descanso de 5 minutos 13. 4x100 m Libre Masculino 14. 4x100 m Libre Feminino	15. 100 m Estilos Feminino 16. 100 m Estilos Masculino 17. 200 m Libre Feminino 18. 200 m Libre Masculino 19. 100 m Bolboreta Feminino 20. 100 m Bolboreta Masculino 21. 800 m Libre Feminino 22. 50 m Braza Masculino 23. 50 m Braza Feminino 24. 100 m Costas Masculino 25. 100 m Costas Feminino Descanso de 5 minutos 26. 4x200 m Libre Masculino 27. 4x200 m Libre Feminino	28. 100 m Libre Masculino 29. 100 m Libre Feminino 30. 200 m Bolboreta Masculino 31. 200 m Bolboreta Feminino 32. 50 m Costas Masculino 33. 50 m Costas Feminino 34. 800 m Libre Masculino 35. 200 m Braza Feminino 36. 200 m Braza Masculino 37. 200 m Estilos Feminino 38. 200 m Estilos Masculino Descanso de 5 minutos 39. 4x100 m Estilos Femenino 40. 4x100 m Estilos Masculino
4ª Xornada	5ª Xornada	6ª Xornada
41. 4x50 m Estilos Mixto Descanso de 5 minutos 42. 200 m Libre Masculino 43. 200 m Libre Feminino 44. 50 m Bolboreta Masculino 45. 50 m Bolboreta Feminino 46. 200 m Costas Masculino 47. 200 m Costas Feminino 48. 200 m Estilos Masculino 49. 200 m Estilos Feminino 50. 50 m Braza Masculino 51. 50 m Braza Feminino Descanso de 5 minutos 52. 4x50 m Libre Mixto	53. 400 m Estilos Masculino 54. 800 m Libre Feminino 55. 50 m Costas Masculino 56. 50 m Costas Feminino 57. 100 m Braza Masculino 58. 100 m Braza Feminino 59. 100 m Libre Masculino 60. 100 m Libre Feminino 61. 200 m Bolboreta Masculino 62. 200 m Bolboreta Feminino 63. 400 m Libre Masculino Descanso de 5 minutos 64. 4x100 m Estilos Mixto	65. 400 m Estilos Feminino 66. 800 m Libre Masculino 67. 100 m Bolboreta Feminino 68. 100 m Bolboreta Masculino 69. 50 m Libre Feminino 70. 50 m Libre Masculino 71. 100 m Costas Feminino 72. 100 m Costas Masculino 73. 200 m Braza Feminino 74. 200 m Braza Masculino 75. 400 m Libre Feminino Descanso de 5 minutos 76. 4x100 m Libre Mixto

Resultados 1ª Fase antes do día 05 de febreiro de 2025 e resultados da 2ª Fase antes do día 4 de xuño de 2025

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculino: Nacidos nos anos 2013 e 2012
 - b) Feminino : Nacidas nos anos 2013 e 2012
2. Cada nadador poderá participar por xornada nun máximo de 2 probas individuais e unha remuda.
3. Cada club poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba coas seguintes excepcións:
 - a) Nas probas de 800 libres, o número máximo de nadadores por club será de 5 por proba.
 - b) Nas probas de 400 libres, e 400 estilos, o número máximo de nadadores por club será de 6 por proba.

4. Inscripcións.

1. Realizaranse a través do XESDE e remitirase á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xere en formato PDF.
2. As inscricións deberán estar en mans da FEGAN na como data límite, o martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición velar pola súa recepción.

5. Formula de competición.

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.
2. A puntuación farase na sede da FEGAN, en función da clasificación xeral da liga.
3. A puntuación nas probas individuais será segundo os puntos da táboa FINA.
4. A puntuación nas probas de relevos será: 203, 200, 198, 197.....
5. Só puntuarán os catro primeiros clasificados na proba individual de cada club. Os clasificados a continuación non serán puntuados, outorgándolle a puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.
6. Nas probas de remudas mixtas os equipos estarán formados por 2 nenos e 2 nenas.
7. Non poderán participar nadadores ou remudas fóra de competición.
8. Admitiranse baixas até 30 minutos antes do comezo da competición

6. Resultados e clasificacións.

1. Tanto os resultados unificados (de todas as sedes) como as clasificacións realizaranse na FEGAN, para o que os clubs organizadores deberán remitir canto antes á FEGAN os resultados de cada sede. Deberán estar na federación como máximo o martes seguinte á competición.
2. Os resultados de cada sede enviaranse á FEGAN a través do correo electrónico resultados@fegan.org, e ao correo electrónico correspondente de cada un dos clubs participantes.
3. Faranse as seguintes clasificacións:



FEGAN

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

7. Títulos e premios.

1. Entregarase un trofeo ao club que acade a maior puntuación, segundo o apartado c) do punto 6.3, proclamándose Campión da Liga Galega de Natación Alevín.

8. Reclamacións

1. Nas competicións de natación de carácter territorial, pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará integrada por:

- a) O secretario xeral da FEGAN.
- b) Un representante dos Clubs participantes, elixido por sorteo.
- c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo entre os pertencentes aos clubs participantes.
- d) O Xuíz Árbitro da Competición.
- e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

2. O sorteo dos membros desta Comisión de Competición realizarase ao comezo da tempada, en data e hora que se anunciará previamente, na sede da FEGAN, e antes do inicio das competicións.

3. A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas desde a resolución da reclamación previa presentada ante o xuíz do concurso.

4. A reclamación será resolta pola Comisión de Competición no prazo máximo de 48 horas despois de ter coñecemento dela.

5. Non se poderá presentar ningunha reclamación contra os resultados transcorridos 4 horas desde a súa publicación definitiva.

Distribución dos grupos

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D	GRUPO E
CN Pabellón	CN Pontearreas	Cidade de Santiago	CN Coruña	CN Marina
CD Miraflores	CN Mos	CN Galaico	CN Culleredo	CN Ferrol
C. Fluvial de Lugo	CT Codesal	CN Arzúa	CN Liceo	CN Cedeira
CN Monforte	CN Redondela	CN Vilagarcía	CN Oleiros	ADN Narón
Cn Portamiña Lugo	CN Rías Baixas	SD Boiro	Sporting Club Casino	CN Xove
	RCN Vigo	CN Riveira	Club del Mar	CN Arteixo
		CN Ordes	AD Fogar	

A Coruña, outubro 2024